

Expediente núm.: 866/2024

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Bolsa de emprego tractorista servizos múltiples.

D. FRANCISCO CALO ABELLEIRA, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES (A CORUÑA), na data que figura á marxe dito a seguinte RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

O Concello de Outes convocou un proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para a cobertura temporal do posto de tractorista de servizos múltiples no concello de Outes (BOP Nº 63 do 2 de abril de 2025).

No desenvolvemento de dito proceso realizáronse as probas previstas nas bases reguladoras nas datas 05.05.2025 e 08.005.2025 (fase oposición) e 08.05.2025 (proba práctica de coñecemento do galego)

Vista a proposta do tribunal de selección que consta na acta de resolución da convocatoria que pon fin ao procedemento selectivo

Visto os antecedentes expostos e coas atribucións os artigos 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Constituír a bolsa de emprego para o posto de tractorista servizos múltiples no Concello de Outes, segundo o establecido na base décimo primeira da convocatoria e queda como segue:

IDENTIDADE	PUNTUACIÓN
1. Vaamonde Santos, José Manuel	11,95
2. Priegue Arestioño, Ramón	11,25

SEGUNDO.- Publicar esta resolución na sede electrónica e páxina web do concello www.outes.gal , ao efecto de coñecemento dos interesados/as.

TERCEIRO.- Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da publicación da presente resolución , de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte desta publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Outes, na data que figura á marxe.

O alcalde

A secretaria

D. Francisco Calo Abelleira

D^a Clara Ortega Fernández

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

